

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 11/01/2014.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.
- D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.
- D<sup>a</sup> María del Carmen García Pérez.
- D. Fernando Márquez Hermida.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.

Concelleira ausente:

- D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e sete minutos do día once de xaneiro de dous mil catorce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte de decembro do pasado ano dous mil trece. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. TOMA DE COÑECEMENTO SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO 3º E 4 TRIMESTRES DE 2013, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

Dase conta polo Secretario-Interventor do contido do informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións no cuarto trimestre de 2013 asinado polo Tesoureiro do Concello, no que se indica que segundo a documentación existente nas dependencias deste Concello, salvo erro ou omisión, non consta a existencia de pagos pendentes ou realizados fora dos prazos previstos na Lei 15/2010 correspondentes a obrigas que reúnan a totalidade dos requisitos legalmente establecidos, no expresado periodo do cuarto trimestre do presente ano 2013. Entrégase unha copia dese informe a cada un dos grupos políticos do Pleno.

Os membros da Corporación quedan enterados do contido do informe de que se trata e queda incorporado ó expediente desta sesión outra copia do mesmo.

#### TERCEIRO. TOMA DE COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dase conta dunha Resolución da Alcaldía, de data do 02/01/14, pola que se adianta ós primeiros días de xaneiro e ós primeiros días do mes de xullo de 2014 o aboamento das pagas extraordinarias correspondentes ó exercicio económico 2014, sen que supoña ningún incremento nas retribucións que se teñan establecidas para este exercicio nin modificacións nos obxectivos de déficit público e estabilidade orzamentaria do Concello.

A Corporación queda enterada do contido da referida Resolución.

#### CUARTO. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á SUBA DO CANON DE SOGAMA.

O Sr. Soto resume brevemente o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 03/01/14 e que literalmente di:

“A Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos da Galiza, e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza atribúen a condición de xestor nas operacións do proceso de xestión de residuos á Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A. (SOGAMA).

A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada do establecemento dun canon por parte dos concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e mais o IVE.

Agora, o goberno do PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galiza a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos. A razón esgrimida é allea á relación entre os concellos e SOGAMA, ao ser unha decisión política adoptada polo Goberno central do PP na súa política de reforma do sector eléctrico, que impón recortes nas tarifas para percibir pola coxeración eléctrica. Ante a caída de ingresos que sufrirá SOGAMA pola xeración de enerxía, óptase por cargarlle á cidadanía novamente este recorte en lugar de o facer sobre os beneficios das empresas xeradoras de enerxía.

Esta medida unilateral do PP, sen coñecemento nin participación dos concellos adheridos no proceso de toma de decisión, pretende un incremento desproporcionado e abusivo

que se repite, como noutros ámbitos por parte do Goberno do PP, pola adopción de medidas dirixidas a salvar ás grandes empresas corporativas transnacionais, e neste caso pola decisión cuestionábel da reforma eléctrica que favorece o oligopolio das grandes empresas enerxéticas, e penaliza as fontes de xeración alternativas.

Ademais, non só se pretende con esta suba compensar as perdas presentes e previsíbeis que ten SOGAMA, senón pasar a ter uns beneficios de preto de 7 millóns de euros a conta da cidadanía galega que verá repercutido este canon nos recibos que cobran polo servizo de recollida de lixo aos concellos. Este feito é especialmente grave cando SOGAMA nin sequera trata todo o lixo que recibe e carece de sentido transportalo para rematar nun vertedoiro.

Esta proposta de incremento desmesurado dos custos de tratamento do lixo por parte de SOGAMA vén a confirmar as denuncias feitas con anterioridade polo BNG sobre o fracaso do proxecto SOGAMA e o Plano de Residuos Sólidos Urbanos implantado polo PP na Xunta de Galiza. Os feitos acontecidos desde a aplicación dese plano demostran seren falsas as afirmacións -do Goberno galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas. Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademais de supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos.

Ademais, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos no complexo de SOGAMA demostran que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan ou se reciclan, senón que simplemente se enterran.

Por outra banda, desde a aprobación da Lei 10/1997, os sucesivos Gobernos do PP na Xunta tiveron empeño en impedir a existencia de plans alternativos como o iniciado no Morrazo, que foi desmontado por gobernos municipais do PP ou como o que se está a desenvolver pola Mancomunidade da Barbanza, que se executa a pesar do PP, que puxo trabas, sobre todo no que atinxe a acceder a axudas nas condicións cando menos análogas ás que tivo SOGAMA. En todo caso, son modelos que priorizan a reciclaxe e compostaxe e mostran custos máis sensatos, para alén de crear máis emprego directo. De feito, a transformación de modelo de xestión dos RSU podería supoñer uns 2.000 novos postos de traballo con base en proxectos de comarcalización, cun menor custo ambiental e redución do custo de transporte.

Cómpre lembrar a falta de colaboración dos gobernos do PP na Xunta de Galiza, pola decisión política de asignar, case na súa totalidade, os recursos públicos para o tratamento de residuos sólidos a financiar SOGAMA e afogar os modelos de xestión diferentes que se aparten da valorización enerxética do lixo. Mesmo planos estatais

recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se tratase prioritariamente por procedementos distintos á incineración.

A Xunta de Galiza, a través de SOGAMA ou doutras entidades que se crearen, preferentemente de tipo comarcal, debe ofrecer á cidadanía e aos concellos galegos modelos de xestión dos residuos alternativos á incineración e ao vertido. Só dentro dun modelo así poden facer unha política de prezos que favoreza os tratamentos ecolóxicos (recollida selectiva de calidade, reciclaxe, compostaxe) e penalice a recollida sen separar e o vertido e a incineración. Nun escenario deste tipo podemos reducir fortemente os custos de tratamento e evitar o incremento das taxas. Mentres tanto, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Non executar nos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.
2. Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e cos concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da Consellaría con atribucións en medio ambiente.
3. Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados."

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro interven brevemente para dicir que o seu grupo non está nin a favor nin en contra da moción, e para sinalar que o incremento do canon para 2014 podería quedar reducido á metade se non fose pola falla de acordo do BNG e o PSOE coa proposta da Xunta de retrasar o inicio da aplicación do incremento ó segundo semestre do presente ano.

O Sr. Márquez toma a palabra para dicir que Sogama quere compensar a costa dos usuarios as perdas derivadas da redución dos ingresos por xeneración de enerxía, ademáis de aplicar un modelo deficitario en aspectos básicos como a reciclaxe, a reutilización ou o compostaxe, ámbito no que o anterior grupo municipal de goberno iniciou unha actuación decidida e no que agora é máis difícil incidir pola falla de axudas procedentes doutras administracións públicas.

Interven de seguido o Sr. Alcalde, que comeza por ratificar a indisponibilidade de axudas para mellorar a xestión do lixo. Di tamén que gobernando con maioría absoluta non se pode culpar á oposición das decisións, e que independentemente da data na que se iniciase o cobro do canon incrementado, o certo é que rexirá indefinidamente a partires de entón. Di que moitos concellos están en desacordo, incluíndo algúns do PP, porque se trata de mellorar os resultados de Gas Natural con 7 millóns de euros a costa de cobrar máis ós veciños, garantindo ademáis o cobro ós concellos pola vía de reter cantidades que lles corresponden por participación en ingresos tributarios nos casos de impago, segundo preve a lei de acompañamento do orzamento da Xunta para 2014. Remata indicando que participará en tódalas iniciativas que se opoñan a esta medida, xa que os alcaldes do PP non o farán para seguir saíndo na foto, e requerindo insistentemente ó Sr. López Loureiro para que diga se está a favor ou en contra da suba.

O Sr. López Loureiro di que ós veciños de San Sadurniño non lles subirá o recibo do lixo, e o Sr. Alcalde resposta que non será polo PP, e que iso suporá dispor de 17.000 euros menos para outras cousas, como tapar baches.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dous votos contrarios, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

#### QUINTO. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DTC93.

O Sr. Soto resume brevemente o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 03/01/14 e que literalmente di:

“No pleno da Deputación da Coruña do 20 de decembro de 2013 veñen de aprobarse as bases reguladoras do Plan DTC93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS que, segundo as propias bases, vai financiarse “previsibelmente” cunha achega provincial por importe de 18 millóns de euros que se consignarán nos expedientes de modificación de créditos que se puideren aprobar ao longo dos anos 2014 ou 2015.

A cláusula 4 (Financiamento) das bases reguladoras do DTC93 recolle que a cada concello se lle asigna unha cantidade de achega provincial calculada aplicando as variábeis ponderadas que deseguido se indican:

<i>Cota fixa</i>	10%
<i>Esfuerzo fiscal</i>	20%
<i>Nº de parroquias</i>	10%
<i>Poboación total do concello</i>	30%

<i>Superficie</i>	30%
-------------------	-----

Cómpre recordar que a cantidade que se lle asigna a cada concello no Plan de Obras e Servizos (POS) se calcula mediante a aplicación das seguintes variábeis -que responden a criterios equitativos e obxectivos consoante o artigo 36.2 a) da LBRL- ponderadas:

<i>Cota fixa</i>	10%
<i>Esfuerzo fiscal</i>	5%
<i>Nº de parroquias</i>	15%
<i>Poboación rural (para os de máis de 50.000 habitantes)</i>	35%
<i>Superficie</i>	35%

Por outra parte, a FEGAMP tense pronunciado en reiteradas ocasións sobre a necesidade de considerar criterios específicos e propios no reparto da participación nos ingresos do Estado (PIE), que tamén inciden no custo dos servizos, como é o caso da dispersión territorial ou avellentamento da poboación. De feito a dispersión é un criterio que se aplica en todas as comunidades autónomas.

En coherencia coa filosofía da FEGAMP, o pleno da Deputación da Coruña do pasado mes de novembro aprobou por unanimidade unha moción do BNG en que se acordou, entre outros puntos, "instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a que adopte os criterios para o reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) de dispersión e avellentamento da poboación, por se tratar de factores que repercuten de xeito determinante sobre o custo dos servizos que prestan os concellos galegos".

Á luz dos criterios do Plan de Obras e Servizos -aplicados mandato tras mandato por consenso de todos os grupos con presenza na Deputación da Coruña-, á luz dos documentos aprobados pola FEGAMP a respecto da participación dos concellos nos ingresos do Estado e á luz do acordo plenario da Deputación Coruña relativa á moción do BNG sobre os criterios no financiamento da administración local galega, resulta contradictorio que o grupo do goberno do Partido Popular da Deputación da Coruña presente un ano máis un Plan DTC93 que claramente ignora os criterios do reparto do POS e as peticións da propia FEGAMP, utilizando, pola contra, uns criterios de reparto que benefician moi especialmente as cidades en detrimento dos pequenos e medianos concellos, primando porcentualmente en demasía aqueles en que maior peso ten a poboación.

O PP continúa empeñado en lle demostrar á cidadanía o escaso peso relativo co que conta o medio rural nas súas políticas de desenvolvemento territorial e faino, ademais, nun país en que contamos coa metade dos núcleos de poboación do Estado español. Isto súmase, por outra parte, á inexistencia dun sistema de financiamento local que teña en conta as peculiaridades de dispersión e avellentamento da poboación.

O Partido Popular tamén persiste en desprezar a función de asegurar o equilibrio intermunicipal que lle encomenda o artigo 31.2 da LBRL. Non esquezamos que no DTC-

94, aprobado no pleno da Deputación da Coruña no mes de xullo do 2012, 83 concellos de menos de 20.000 habitantes sufriron unha redución de 1.546.000 € a respecto do POS 2012, que coincide, paradoxalmente, co incremento que experimentou o Concello da Coruña, que recibiu no DTC 1.536.000 € máis que no POS dese mesmo exercicio. Polo que respecta ao DTC-93 que vén de aprobar o pleno da Deputación da Coruña cos votos favorábeis do PP e do PSOE e o voto en contra do grupo do BNG, a distribución do DTC-93 e a diferenza porcentual a respecto do POS 2014 é a seguinte:

CONCELLOS	POS	%	DTC93	%	DIFERENZA PORCENTUAL
Abegondo	261.873,65 €	1,08%	165.057,98 €	0,92%	-0,17%
Ames	498.017,68 €	2,06%	277.770,78 €	1,54%	-0,51%
Aranga	209.242,95 €	0,86%	147.909,18 €	0,82%	-0,04%
Ares	136.374,63 €	0,56%	105.846,74 €	0,59%	0,02%
Arteixo	548.342,76 €	2,27%	333.754,44 €	1,85%	-0,41%
Arzúa	367.318,47 €	1,52%	247.100,67 €	1,37%	-0,15%
Baña (A)	240.659,81 €	0,99%	154.036,82 €	0,86%	-0,14%
Bergondo	190.908,92 €	0,79%	150.184,07 €	0,83%	0,05%
Betanzos	238.656,97 €	0,99%	145.616,10 €	0,81%	-0,18%
Boimorto	198.295,46 €	0,82%	136.640,35 €	0,76%	-0,06%
Boiro	376.426,85 €	1,56%	221.672,64 €	1,23%	-0,32%
Boqueixón	213.458,79 €	0,88%	140.160,55 €	0,78%	-0,10%
Brión	234.115,15 €	0,97%	156.114,74 €	0,87%	-0,10%
Cabana de Bergantiños	233.970,60 €	0,97%	155.697,70 €	0,86%	-0,10%
Cabanas	137.926,36 €	0,57%	114.249,48 €	0,63%	0,06%
Camariñas	177.265,36 €	0,73%	126.935,31 €	0,71%	-0,03%



San Sadurniño  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, nº 5  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Cambre	395.437,37 €	1,63%	219.149,07 €	1,22%	-0,42%
Capela (A)	126.832,39 €	0,52%	103.005,61 €	0,57%	0,05%
Corcubión	73.243,61 €	0,30%	71.511,17 €	0,40%	0,09%
Coristanco	321.942,49 €	1,33%	204.282,77 €	1,13%	-0,20%
<b>Coruña (A)</b>	<b>166.787,74 €</b>	<b>0,69%</b>	<b>1.277.156,64 €</b>	<b>7,10%</b>	<b>6,41%</b>
Culleredo	480.913,71 €	1,99%	270.374,20 €	1,50%	-0,49%
Curtis	225.375,80 €	0,93%	160.720,94 €	0,89%	-0,04%
Dodro	116.733,86 €	0,48%	84.476,55 €	0,47%	-0,01%
Dumbria	239.914,35 €	0,99%	180.776,37 €	1,00%	0,01%
Fene	252.065,35 €	1,04%	165.570,18 €	0,92%	-0,12%
<b>Ferrol</b>	<b>265.579,71 €</b>	<b>1,10%</b>	<b>489.085,55 €</b>	<b>2,72%</b>	<b>1,62%</b>
Fisterra	135.571,03 €	0,56%	92.721,10 €	0,52%	-0,05%
Frades	196.309,86 €	0,81%	132.114,13 €	0,73%	-0,08%
Irixoa	152.484,67 €	0,63%	114.238,33 €	0,63%	0,00%
Laxe	136.357,75 €	0,56%	102.573,95 €	0,57%	0,01%
Laracha (A)	349.196,22 €	1,44%	214.779,94 €	1,19%	-0,25%
Lousame	201.700,16 €	0,83%	138.129,10 €	0,77%	-0,07%
Malpica de Bergantiños	200.905,22 €	0,83%	138.962,74 €	0,77%	-0,06%
Mañón	164.147,88 €	0,68%	132.185,59 €	0,73%	0,06%
Mazaricos	343.856,64 €	1,42%	240.164,30 €	1,33%	-0,09%
Melide	336.779,35 €	1,39%	222.665,82 €	1,24%	-0,15%
Mesía	224.294,46 €	0,93%	146.345,17 €	0,81%	-0,11%





San Sadurniño  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, nº 5  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Miño	176.885,53 €	0,73%	143.159,78 €	0,80%	0,06%
Moeche	120.754,14 €	0,50%	93.485,93 €	0,52%	0,02%
Monfero	277.820,72 €	1,15%	206.264,03 €	1,15%	0,00%
Mugardos	144.625,22 €	0,60%	144.938,28 €	0,81%	0,21%
Muxía	276.700,12 €	1,14%	177.569,52 €	0,99%	-0,16%
Muros	248.468,26 €	1,03%	153.587,33 €	0,85%	-0,17%
Narón	601.953,04 €	2,49%	321.832,29 €	1,79%	-0,70%
Neda	138.689,64 €	0,57%	101.021,49 €	0,56%	-0,01%
Negreira	310.181,86 €	1,28%	200.173,39 €	1,11%	-0,17%
Noia	267.039,44 €	1,10%	165.522,25 €	0,92%	-0,18%
Oleiros	507.661,69 €	2,10%	275.754,58 €	1,53%	-0,57%
Ordes	401.747,39 €	1,66%	246.932,19 €	1,37%	-0,29%
Oroso	242.217,82 €	1,00%	166.049,07 €	0,92%	-0,08%
Ortigueira	423.655,48 €	1,75%	277.303,54 €	1,54%	-0,21%
Outes	259.723,17 €	1,07%	162.003,09 €	0,90%	-0,17%
Paderne	138.040,26 €	0,57%	94.444,88 €	0,52%	-0,05%
Padrón	213.275,60 €	0,88%	143.351,07 €	0,80%	-0,08%
Pino (O)	282.333,76 €	1,17%	190.131,61 €	1,06%	-0,11%
Pobra do Caramiñal (A)	199.882,08 €	0,83%	127.136,22 €	0,71%	-0,12%
Ponteceso	255.901,98 €	1,06%	167.921,48 €	0,93%	-0,12%



San Sadurniño  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, nº 5  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Pontedeume	193.785,71 €	0,80%	130.276,65 €	0,72%	-0,08%
As Pontes	512.074,14 €	2,12%	402.798,91 €	2,24%	0,12%
Porto do Son	287.131,28 €	1,19%	184.849,66 €	1,03%	-0,16%
Rianxo	253.236,58 €	1,05%	154.815,17 €	0,86%	-0,19%
Ribeira	453.149,36 €	1,87%	247.497,58 €	1,37%	-0,50%
Rois	234.442,94 €	0,97%	152.155,74 €	0,85%	-0,12%
Sada	268.213,08 €	1,11%	168.121,82 €	0,93%	-0,17%
San Sadurniño	205.265,29 €	0,85%	149.157,06 €	0,83%	-0,02%
Santa Comba	435.319,22 €	1,80%	276.523,21 €	1,54%	-0,26%
<b>Santiago</b>	<b>557.012,77 €</b>	<b>2,30%</b>	<b>751.102,17 €</b>	<b>4,17%</b>	<b>1,87%</b>
Santiso	193.899,52 €	0,80%	134.680,74 €	0,75%	-0,05%
Sobrado	226.613,46 €	0,94%	154.305,68 €	0,86%	-0,08%
Somozas (As)	163.641,08 €	0,68%	173.959,06 €	0,97%	0,29%
Teo	373.411,86 €	1,54%	211.002,44 €	1,17%	-0,37%
Toques	172.298,66 €	0,71%	124.562,99 €	0,69%	-0,02%
Tordoia	249.250,36 €	1,03%	165.191,42 €	0,92%	-0,11%
Tauro	273.542,42 €	1,13%	171.012,95 €	0,95%	-0,18%
Trazo	222.774,99 €	0,92%	148.889,39 €	0,83%	-0,09%
Valdoviño	235.734,89 €	0,97%	157.158,10 €	0,87%	-0,10%
Val do Dubra	245.505,27 €	1,01%	164.688,05 €	0,91%	-0,10%

Vedra	196.668,59 €	0,81%	135.487,73 €	0,75%	-0,06%
Vilasantar	139.662,92 €	0,58%	101.838,76 €	0,57%	-0,01%
Vilarmaior	103.980,23 €	0,43%	81.499,21 €	0,45%	0,02%
Vimianzo	384.563,78 €	1,59%	255.347,21 €	1,42%	-0,17%
Zas	295.810,08 €	1,22%	191.178,26 €	1,06%	-0,16%
Cariño	154.269,01 €	0,64%	111.789,35 €	0,62%	-0,02%
Oza-Cesuras	353.395,96 €	1,46%	341.763,20 €	1,90%	0,44%
<b>TOTAL</b>	<b>24.200.000,0 €</b>	<b>100,00%</b>	<b>18.000.000,00 €</b>	<b>100,00%</b>	<b>0,00%</b>

Diante deste reparto que beneficia especialmente ás grandes cidades, nomeadamente á cidade da Coruña, en detrimento dos pequenos e medianos concellos (41 concellos sofren unha perda superior ao 11% respecto ao POS, que paradoxalmente equivale á cantidade que reciben a maiores respecto ao POS os concellos da Coruña, Santiago e Ferrol), o Grupo do Bloque Nacionalista Galego no Concello de San Sadurniño solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

Reclamar á Deputación da Coruña a modificación da cláusula 4 (Financiamento) das bases reguladoras do Plan DTC93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, solicitando a aplicación dos mesmos criterios de reparto que considera o Plan de Obras e Servizos (POS)."

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro interven de seguido para ler unha resposta á moción, que literalmente di:

"Son os concellos son os que deciden as súas prioridades e o destino dos cartos. A Deputación é respectuosa coa autonomía local e da saída a plans para todos os concellos con criterios de reparto obxectivos. Non hai discriminación cara ningún concello. Un plan non anula outro, complementáanse. Sumando as achegas dos plans, a Deputación porá este ano á disposición dos concellos preto de 65 millóns de €, algo que non fixeron vostedes nos seus anos de goberno. É completamente demagóxica a crítica que fai o BNG nesta moción, sobre todo despois de compartir goberno durante oito anos, anos de bonanza, nos que non fixeron máis que manter os plans xa establecidos. É máis, vostedes si instauraron o favoritismo. Daquela non importaba nin a superficie nin a poboación, só a cor política.

¿Queren unha Deputación da Coruña como a de Lugo, onde gobernan e impoñen os criterios?

¿Queren que o POS estea dotado con 900.000 €?

¿Queren que a Deputación gaste máis en publicar as obras que en facelas?

¿Saben vostedes os plans provinciais da Deputación na que gobernan, aparte do POS? Ningún.

¿Por qué piden e critican ás deputacións onde non gobernan e cando vostedes gobernan non fan nada?

Prediquen co exemplo, por favor, como fai a Deputación da Coruña, e deixen de confundir aos veciños."

O Sr. Márquez di que se trata dun plan necesario, pero que as súas bases son discriminatorias para os concellos pequenos, ós que se castiga, ademais do efecto

negativo que produce o criterio do esforzo fiscal, que beneficia claramente ás cidades. Por iso pide que se apliquen as mesmas bases que no POS ou outras semellantes ou melloradas, para primar ós concellos menos favorecidos e ós pequenos, que son os que máis o precisan, especialmente nesta época de crise.

O Sr. Soto di que a xustificación da existencia das deputacións, que o BNG rexeita, está na axuda ós concellos pequenos, pero non é o que fai a Deputación da Coruña, que gasta cantidades enormes en actividades prescindibles nas grandes cidades, sen que se publique nos medios, xa que de saberse, a xente queimaría a Deputación. Di tamén que a negativa política do PP na Deputación parece que pretende despoboar aínda máis as zonas rurais, mentres que o BNG loita para asentar nova poboación neses espazos.

O Sr. Alcalde interven para dicir que tampouco nos dan nada que non nos corresponda, e lembrar que o último plan aprobado cando o BNG cogobernaba na Deputación, de cooperación cos concellos, dirixíase soamente a concellos de menos de 20.000 habitantes, excluindo aqueles nos que gobernaban, e estaba dotado con 400.000 euros para catro anos, e que tamén algúns alcaldes do PP están en desacordo con estas bases, pero non poden protestar porque o que se move non sae na foto.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dous votos contrarios, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

#### SEXTO. MOCIÓN DO B.N.G. RELATIVA Á CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E ENTIDADES POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

O Sr. Soto resume brevemente o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 03/01/14 e que literalmente di:

“A Deputación da Coruña publicou no BOP de data 17 de decembro de 2012 a convocatoria de programas de apoio á cultura e o deporte, dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos durante o ano 2013.

Dentro desta convocatoria de axudas figuran, entre outros, os seguintes programas:

Subvencións para animadores culturais	FO206	0601/334A/46201
Subvencións para conservatorios, escolas de música e escolas de danza	FO207	0601/335A/46201
Subvencións para técnicos deportivos municipais	FO106	0601/341A/46201

Examinados polo grupo do BNG na deputación da Coruña os expedientes de valoración e concesión das subvencións outorgadas, dentro da convocatoria de Programas de apoio á cultura dirixidos a concellos para conservatorios, escolas de música e escolas de danza no ano 2013, comprobamos que os concellos receptores destas axudas foron os seguintes:

1. Arzúa, Betanzos, Carballo, Culleredo, Melide, Noia, As Pontes e Ribeira, para actividades dos Conservatorios de música municipais.

2. Abegondo, Arzúa, A Baña, Brión, Cabana de Bergantiños, A Capela, Carnota, Cee, A Coruña, Mugardos, Muros, Oleiros, Ordes, Ortigueira, Padrón, Porto do Son, Rois, Sada e Santiago de Compostela, para actividades das Escolas municipais de danza e de música. Analizados igualmente polo grupo do BNG na deputación da Coruña os expedientes de valoración e concesión das subvencións outorgadas para o mantemento de conservatorios de música e escolas municipais de danza e de música, así como as axudas para técnicos deportivos e animadores culturais, o BNG extrae os seguintes datos e conclusións:

**Axudas a escolas municipais de música e danza:**

Preséntanse 20 solicitudes de axuda. Curiosamente aos concellos gobernados polo Partido Popular concédeselles subvencións entre 9.864 € e 19.950 €. Os concellos gobernados por outras forzas políticas obteñen subvencións entre 2.983,10 € e 4.965,18 €, exceptuando o concello de Oleiros, ao que se lle concede unha subvención de 9.688,35 euros. Tamén cabe facer mención especial ao caso de Cee, que recibiu para a súa escola de música practicamente o dobre de axuda que permitía a propia convocatoria (o importe máximo permitido é de 10.000 € e recibe 19.950 €).

Dentro deste apartado de axudas cómpre recordar que nos últimos anos a Deputación víñalles concedendo a todos os concellos solicitantes unha subvención de 10.000 euros para as súas escolas municipais de música e danza.

**Axudas a conservatorios de música:**

Presentan solicitude de axuda 8 concellos. Aquí as cifras son aplastantes: os dous concellos gobernados polo PP que solicitan axuda reciben unha media de 19.836 €, practicamente o máximo permitido pola convocatoria (20.000 €), mentras que aos restantes concellos, exceptuando o caso de Culleredo, se lles concede unha axuda entre 3.780,63 € e 9.894,06 € para o mantemento dos seus conservatorios de música. Aquí tamén cabe recordar que nos últimos anos todos os conservatorios municipais de música recibían da Deputación o máximo establecido nas convocatorias anuais, ou sexa 20.000 € de subvención.

**Axudas para a contratación de animadores culturais:**

Presentan solicitude de axuda 59 concellos. Dos 39 concellos gobernados polo PP que solicitaron estas axudas, practicamente a súa totalidade (35) recibiron máis de 7.475 €, mentras que os 20 restantes solicitantes recibiron unha media de 5.839 €, sen que ningún deles chegara aos 6.000 €. Aquí tamén convén recordar que as subvencións concedidas nos últimos anos pola deputación da Coruña para a contratación de animadores culturais municipais eran de 7.500 euros para todos os concellos.

**Axudas para a contratación de técnicos deportivos:**

Presentan solicitude de axuda 66 concellos. Dos 39 concellos gobernados polo PP que solicitaron estas axudas, practicamente a súa totalidade (38) recibiron da Deputación da Coruña unha media de 7.443 €, mentras que aos 27 restantes concellos solicitantes se lles concedeu unha media de 5.899 euros, sen que ningún deles acadara os 6.001 euros.

Tamén debemos recordar aquí que en anos anteriores a Deputación viña concedendo a todos os concellos solicitantes destas axudas o máximo importe establecido nas convocatorias, ou sexa 7.500 euros.

Tras esta análise pormenorizada, o grupo do BNG na deputación da Coruña considera que fica demostrado o incumprimento dos criterios establecidos na propia convocatoria de programas de axuda dirixidos a concellos e outras entidades locais para a contratación de animadores culturais e técnicos deportivos e para actividades de conservatorios, escolas municipais de música e danza á hora de outorgar estas subvencións, posto que as cifras evidencian claramente a discriminación recibida por parte dos concellos gobernados por forzas políticas diferentes ao PP e reflexan asimesmo que o criterio do interese provincial empregado para a concesión destas axudas non é un criterio obxectivo nin ponderado senón máis ben un criterio de interese arbitrario do órgano provincial.

Por todo o exposto, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de San Sadurniño solicita do Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO:

Que o concello de San Sadurniño se dirixa á deputación provincial da Coruña para solicitarlle que o outorgamento das axudas aos concellos que presenten solicitude dentro da convocatoria de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas municipais de música e escolas de danza para o exercicio 2014, teña como criterio xeral:

1. A concesión de axudas de 7.500 euros a cada un dos concellos que soliciten subvención para a contratación de animadores culturais e técnicos deportivos.
2. A concesión de axudas de 20.000 € a cada un dos concellos que soliciten subvención para os conservatorios de música.
3. A concesión de axudas de 10.000 € a cada un dos concellos que soliciten subvención para as escolas municipais de música e danza."

O Sr. Márquez amósase conforme co contido da moción, indicando que os membros dunha institución que actúa deste xeito deberían dimitir e que non respecta a legalidade aprobar unhas bases que despois non se cumpren.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Varela interven para sinalar que a subvención para actividades culturais do Concello, cun presuposto de 40.000 euros, foi de 2.000, mentres que unha asociación á que asistiu o presidente da Deputación para dar un pregón, recibiu 3.000.

O Sr. Alcalde di que se trata doutro argumento para a disolución das Deputacións, e que se reparta entre os concellos o seu presuposto.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dous votos contrarios, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

#### SÉTIMO. MOCIÓN DO B.N.G. RELATIVA Á REFORMA DA LEI DO ABORTO.

A Sra. Muiño resume brevemente o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 07/01/14 e que literalmente di:

“A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fiquen fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.



Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.

Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei."

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez expresa o seu apoio á moción, porque di que representa un retroceso en dereitos xa consolidados das mulleres, indicando que cada lei do PP fainos retroceder no tempo. Sinala tamén que dentro do propio PP hai debate con esta cuestión.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a moción de que se trata.

#### OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Márquez pregunta polo estado de tramitación do Plan Xeral. O Sr. Alcalde resposta que xa foi remitido á Xunta para a emisión do informe previo á súa aprobación inicial, que o departamento competente solicitou documentación complementaria que foi elaborada pola empresa redactora e recibida no Concello precisamente no día de

hoxe e que coa brevidade posible se remitirá esa documentación novamente á Consellería competente para a emisión do referido informe.

Formula seguidamente o Sr. Márquez outra pregunta en relación coas escolas unitarias das parroquias de Bardaos e Naraío, nas que se están a rematar obras de rehabilitación, para que se lle indique se finalmente vanse vender ou non. O Sr. Alcalde resposta que se decidirá cando remate a obra, pero que a aposta do grupo de goberno é pola venda, coa finalidade de acadar fondos para arranxar e vender outros inmobles, xa que un aluguer probablemente non se cobraría en caso de que as vivendas foran ocupadas por persoas en risco de exclusión social. O Sr. Márquez insiste na súa postura contraria á venda, por tratarse de inmobles cedidos ó Concello polos veciños e porque soamente se poden vender unha vez e o alleamento do patrimonio municipal non levará a nada bon. O Sr. Alcalde di que o primeiro en vender masas comúns municipais foi o PSOE cando gobernaba, e que tamén o PP cedeu o terreo das antigas escolas para vivendas sociais, que tamén se venderon.

Pregunta finalmente o Sr. Márquez pola solicitude que formulou por escrito para acceder a documentación do expediente do convenio asinado cunha cooperativa no ano 2007, á que non recibiu resposta. O Sr. Alcalde resposta que segundo o establecido no Regulamento Orgánico, non recibindo resposta no prazo de cinco días, ten o dereito a obter do persoal municipal a información solicitada, recomendando ó Sr. Márquez que lea o referido Regulamento.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta e oito minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,